



Concello de Monterrei

Bases que rexerán o IV concurso de beléns:

Poderán participar as asociacións, agrupacións, colexios, entidades cidadáns e particulares en xeral pertencentes ao Concello de Monterrei que formalicen a súa inscrición dentro do prazo establecido.

Características:

Os beléns poderán ser de calquera tamaño. Deberán recrear ambientes rurais, utilizando para a súa elaboración materiais tradicionais tales como serraduras, cortiza, ríos con auga en movemento etc.

Valorarase positivamente en todos os casos a orixinalidade, o traballo artesanal, o enxeño, a riqueza artística, o esforzo, os materiais utilizados, o uso de elementos reciclados e a laboriosidade na execución das obras.

Valorarase negativamente os detalles de mal gusto e todo o que atente contra o carácter propio que debe presidir os nacementos.

Os beléns participantes deberán incluír como mínimo as tres escenas fundamentais: animación dos pastores, nacemento e adoración dos Reis.

As persoas interesadas en participar no concurso deberán formalizar as súas inscricións ata o día 17 de decembro, sendo a recollida de inscricións así como a súa entrega nas oficinas do Concello de Monterrei, de luns a venres en horario de 9:00 h a 14:00 h. no teléfono 988 41 80 02 ou no e-mail concello@monterrei.es. Facilitando todos os datos de contacto: nome da entidade e representante, teléfono, enderezo e correo electrónico.

Haberá un xurado que estará integrado por un representante eclesiástico e representantes do Concello.

Cada xurado puntuará o belén participante de 0 a 10 puntos. A suma de todos os puntos recibidos dará lugar aos finalistas deste concurso, que serán visitados e valorados para designar ao belén premiado desta edición. En caso de empate, volverase puntuar entre os empatados, pero nesta ocasión do 1 ao 3, así sucesivamente ata que haxa dous claros gañadores.

O xurado efectuará as visitas os días 20 e 21 de decembro, previamente de acordo cos interesados. O xurado resérvase a facultade de interpretar as presentes bases ou resolver calquera imprevisto.

A ser posible, deberán estar presentes os autores dos beléns durante a visita do xurado.

Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

1º premio: 100 €

2º premio: 50 €

Todos os inscritos no concurso recibirán un recoñecemento pola súa participación.

O resultado do concurso farase público o día 5 de xaneiro, durante a recepción dos Reis Magos, sendo a entrega de premios no mesmo día.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

O xurado resérvase o dereito de deixar desertos aqueles premios que considere oportunos por non reunir as condicións mínimas de calidade na súa confección e a súa decisión será inapelable.

A participación nesta convocatoria comporta a aceptación destas bases.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez